

PATRIMONIO NATURAL

O concello está atravesado por ríos caudalosos e de curto percorrido que nacen no termo municipal e desaugan no Tambre, en terras de Oroso e Trazo; o máis importante é o Lengüelle, que recibe as augas do Cabrón.

Posúe unha climatoloxía e orografía suaves que falicitan o desenvolvemento dunha abundosa vexetación arbórea.

LEMBRA

Para que todos e todas poidamos gozar do medio ambiente temos que manter limpo o noso contorno e axudar a reducir o volume de residuos xerados. Cando saias de excursión, non deixes o lixo no campo.



CONCELLO DE ORDES

Alfonso Senra 108
15680 Ordes - A Coruña
www.ordes.gal




FICHA TÉCNICA

Tipo de percorrido	Circular
Percorrido longo	15 km
Percorrido curto	7 km
Duración	3-4 horas
Dificultade	Media
Altitude	Mín. 275,1 Máx. 427,4
Sinalización	Media
Época recomendada	Todo o ano
Sendeiro homologado	Non

Sendeirismo
polo
Concello
de Ordes

Ruta do Río Mercurín



LENDA



GÚSTACHE A NATUREZA E QUERES APROVEITAR O TEU TEMPO DE LECER?

O concello de Ordes invítate a formar parte dos seus camiños, propoñéndoche unha ruta sinxela, e para todos e todas.

Esta ruta é circular polo que podes facer o percorrido no sentido que máis comodo che sexa; e se se che fai moi longo podes facer só a etapa curta.

A ruta comeza e finaliza no mesmo punto, na entrada do paseo Ramiro Recouso. O sendeiro está ben delimitado, polo que resulta dicífil saír del.

Se te decantas polo percorrido curto, que vén sendo máis ou menos a metade da ruta orixinal, é a parte que está enmarcada no mapa, no cadro vermello.

PERCORRIDO LONGO

Saes da entrada do Paseo pola marxe dereita do río e segues todo recto, terás que cruzar dúas pontes de madeira e polo camiño atoparás sinais postos en paredes, árbores e varandas que che indican o que facer.

Ao chegar a Vilaverde segues todo recto sen tomar ningún camiño alternativo ata alcanzar o lugar de Ponte.

En Ponte, sobes polo camiño de terra que tes diante cara ao Piñeiro, onde encontrarás unha intersección a 500 m. xiras á esquerda e segues todo recto sen desviarte ata a altura de 600 m.

Despois, no camiño que atopas, dirixeste cara á dereita e a uns 400 m chegarás a Pedre, onde viras á dereita de novo polo camiño de Tralorrió.

Seguindo recto uns 400 m, no segundo camiño á túa dereita, sobes por Trasmil e, sen desviarte, a uns 800 m chegarás a terras de Guntín e Cruceiro.

Neste punto tomas o camiño de Cruceiro, que está á dereita, e ao chegar a unha intersección dirixeste á esquerda, pasando un arboredo, e manteste no camiño ata percorrer 1 km, onde viras á esquerda de novo.

Segues camiñando polo sendeiro uns 900 m ata chegar a un cruzamento. Viras á túa esquerda todo recto sen desviarte 1 km.

De novo atoparás un cruzamento no cal tes que ir á esquerda por Tralorrió, e a uns 700 m chegarás a Mañufe, onde segues todo recto sen tomar ningún camiño alternativo, e a uns 500 m chegarás a un camiño onde tes que virar cara a abaixo (dereita).

Segues baixando e a 1 km incorporáste ao camiño cara á esquerda; continúas baixando cara ao Casal, manténdote no camiño ata ter percorrido 1,5 km, pasando polo lavadoiro. En lugar de seguir recto viras á esquerda, verás o Casal dezaeito, e tras percorrer uns 230 m, xiras á dereita baixando cara ao campo da feira e así chegas ao final da ruta, que foi de onde partimos.



PERCORRIDO CURTO

No mapa veñen sinalizados con puntos vermellos os lugares de referencia do percorrido. O comezo e o final son os mesmos da ruta orixinal, a diferenza está en que ao chegar a Ponte, tes que virar cara á esquerda e continuar en liña recta ata chegar a unha intersección. Alí vas dar co lugar do Alto, onde tes que virar cara á túa esquerda de novo, incorporándote na ruta orixinal de volta.

